



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2023

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día trece de outubro de dous mil vinte e tres acordou:

Primeiro. Aprobar a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2023, de acordo aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF SEUDONIMIZADO	PREMIO
2023/PES_03/008604	JUAN CARLOS PRIETO ARIAS	***1908**	1.067,00 €
2023/PES_03/008952	ADRIAN DIAZ PEREZ	***4577**	628,00 €
2023/PES_03/009299	JOSE ANTONIO ALONSO LISTE	***4725**	2.500,00 €
2023/PES_03/009166	FRANCISCO DORADO VIZCAINO	***5176**	2.500,00 €
2023/PES_03/009248	BRAIS BASANTA DIAZ	***8391**	1.286,00 €
2023/PES_03/009354	MARIO SAA FERNANDEZ	***5327**	1.820,00 €
2023/PES_03/009360	ELOY SAA FERNANDEZ	***5327**	847,00 €
2023/PES_03/009405	CLEMENTE ALVES BELLO	***5043**	1.537,00 €
2023/PES_03/009412	RUBEN LOPEZ LOPEZ	***5304**	2.500,00 €
2023/PES_03/009413	HECTOR PEREZ FERNANDEZ	***4918**	628,00 €
2023/PES_03/009481	ADRIAN TORREIRO OCAMPO	***8454**	1.004,00 €
2023/PES_03/009537	LUIS SANFIZ PEREZ	***4687**	941,00 €
2023/PES_03/009602	PEDRO REIJA DIAZ	***4187**	2.500,00 €

2023/CCP_01/000459	FRANCISCO LÓPEZ RIVAS	***4950**	2.259,00 €
2023/PES_03/009606	ANTONIO FERNÁNDEZ VALCARCEL	***3677**	2.008,00 €
2023/PES_03/009705	RUBEN SANTAS LÓPEZ	***4680**	1.820,00 €
2023/PES_03/009710	IAGO ÁLVAREZ TORRÓN	***5791**	1.412,00 €
2023/PES_03/009711	ADRIÁN LÓPEZ RODRÍGUEZ	***4303**	2.500,00 €
2023/PES_03/009723	JOSÉ MANUEL LEIRADO FERNÁNDEZ	***4722**	1.192,00 €
2023/PES_03/009735	ADRIAN VÁZQUEZ MARTÍNEZ	***4973**	2.500,00 €
2023/PES_03/009736	SERGIO VALLEJO FOLGUEIRA	***0654**	533,00 €
2023/PES_03/009738	OSCAR LÓPEZ SALGADO	***7413**	2.133,00 €
2023/PES_03/009795	CESAR DÍAZ PÉREZ	***4577**	2.500,00 €
2023/PES_03/009821	DAMIÁN PORTA NÚÑEZ	***5223**	910,00 €
2023/PES_03/009843	FABIO ERNESTO GARCÍA RIVAS	***7045**	1.475,00 €

	DESESTIMADAS		MOTIVO/CAUSA DESESTIMACIÓN
2023/PES_03/009709	CARLOS ÁLVAREZ TORRÓN	***4068**	Base SEXTA e SÉTIMA. Documentación requirida. Requirimento emenda de solicitude non atendido.
2023/PES_03/009748	JOSE SEIJO VÁZQUEZ	***4067**	Base SEXTA. Solicitude presentada fóra de prazo
2023/PES_03/009642	SAMUEL FERNANDEZ CASABELLA	***3701**	Base CUARTA. PREMIOS E CONTÍAS. Por non acadar a puntuación suficiente para que multiplicada polo valor en euros do punto acade o importe mínimo de premio establecido.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Que se publicará así mesmo na páxina web da Deputación.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

De acordo coa base décima, *ACORDOS DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN*S. *Acordo de resolución provisional*, das bases da convocatoria, procédese á notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados/as poidan presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 d outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación

individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que se notifica para os efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá ningún recurso en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 17 de outubro de 2023.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04/07/2023.- O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3259

CONCELLOS

POL

Anuncio

En sesión ordinaria, celebrada o día 11 de outubro de 2023, o Pleno da Corporación Municipal do Concello de Pol aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria na modalidade de xeración de créditos 2-2023 por un importe total de 1.221.457,01 euros. En cumprimento do disposto no art. 177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o referido expediente expónse ao público durante un prazo de 15 días hábiles, que comezarán a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. O expediente poderá consultarse na Secretaría do Concello, podendo formularse ao mesmo cantas reclamacións se estimen pertinentes, que deberán ser dirixidas ao señor Alcalde.

Pol, 16 de outubro de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3252

Anuncio

En sesión ordinaria, celebrada o día 11 de outubro de 2023, o Pleno da Corporación Municipal do Concello de Pol aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria na modalidade de xeración de créditos 4-2023 por un importe total de 80.253,99 euros. En cumprimento do disposto no art. 177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o referido expediente expónse ao público durante un prazo de 15 días hábiles, que comezarán a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. O expediente poderá consultarse na Secretaría do Concello, podendo formularse ao mesmo cantas reclamacións se estimen pertinentes, que deberán ser dirixidas ao señor Alcalde.

Pol, 16 de outubro de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3253

A PONTENOVA

Anuncio

O Pleno do Concello da Pontenova, en sesión ordinaria de data 28 de Setembro de 2023, aprobou a rectificación do inventario de camiños municipais con determinadas modificacións sobre o documento aprobado en sesión plenaria de data 30/07/2020.

O acordo será publicado no BOP de Lugo, na Sede Electrónica e no tablón de anuncios.

Contra o citado acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Pontenova, a 11 de Outubro de 2023.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3254

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Delegacións e avogacións de competencias

Expediente número: 2815/2023

Asunto: Publicación do Boletín da Provincia da resolución da Alcaldía mediante a cal mantense periodicidade e delegacións da Xunta de Goberno Local, así coma se modifica a súa composición e se procede á actualización da súa composición e nomeamento de tenentes de alcaldesa.

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0435 e data do 13 de outubro do 2023 acordouse manter a periodicidade e delegacións da Xunta de Goberno Local, así coma se modifica a súa composición e se procede á actualización da súa composición e nomeamento de tenentes de alcaldesa, contando esta resolución co seguinte tenor literal:

Considerando que a Corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023 quedou constituída na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023.

Visto que en data do 11 de outubro do 2023 resultou electa alcaldesa da Corporación Dona Marta María Rouco Seoane, logo da renuncia da anterior alcaldesa, Dona María Elba Veleiro Fernández en data do 2 de outubro do 2023. Todo elo, de conformidade co disposto no artigo 40.5 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que indica que ante a eventualidade da vacante a Alcaldía por renuncia do seu titular, a sesión extraordinaria para a elección dun novo Alcalde celebrárase, cos requisitos establecidos na lexislación electoral, o que nos remite ao disposto no artigo 196 da citada Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

Unha vez vista a credencial de concelleiro expedida pola Xunta Electoral Central, en data 3 de outubro do 2023, a favor de Don Ignacio Criado Montenegro, por renuncia ao dito cargo da concelleira Dona María Elba Veleiro Fernández, e unha vez tramitado o procedemento de substitución de cargos representativos locais establecido no artigo 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e na instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo do ano 2003, sobre a substitución de cargos representativos locais.

Vistas as referidas eventualidades, Neste senso, estímase procedente deseñar un novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, no que están presentes os tenentes de alcalde como órganos de carácter necesario, segundo configura o contido dos artigos 21.1.a) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 35.2 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e artigo 62 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

Segundo determinan os artigos 23.3 da LRBRL, 46 do ROF, e 62.1 da LALG, son libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, de no existiren, de entre as persoas concelleiras electas.

Correspóndelle a estes substituír na totalidade das súas funcións ao Alcalde por orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite das súas funcións, así como a desenvolver as funcións de alcalde nos supostos de vacante da alcaldía ata a nova posesión deste.

Á vista de que o número de Tenentes de Alcalde, nos municipios que teñan Xunta de Goberno, non poderá exceder do número de membros da Xunta de Goberno. Como máximo un terzo do número legal de membros da Corporación, segundo indica o artigo 23.1 da LRBRL.

Visto o decreto da anterior Alcaldía 2023-0439, con código seguro de verificación 3XNQF3QT3D63ZTX2H77YXPF43 e data do 3 de xullo do 2023 referente ao nomeamento de Tenentes de Alcaldesa, no que resultaban nomeados, por orde de prelación: Modesto Renda Santiso; Marta María Rouco Seoane; Eduardo Vidal Baamonde; Tamara Rodríguez López; e Luis Fernández Álvarez. Considerando por tanto, que a actual alcaldesa, non pode continuar figurando na organización municipal coma tenente de si mesma.

Visto o informe de Secretaría con código 2023-0262 e data do 29 de xuño do 2023 relativo á delegación de competencias en concelleiros, así coma na Xunta de Goberno Local, efectuado a petición deste órgano.

Considerando que, de conformidade co disposto no artigo 20.1 letra b) da LRBRL así coma o artigo 59.2.b) da LALG neste concello resulta preceptiva a creación da Xunta de Goberno Local.

Observando adecuada, por este órgano, o mantemento do referido órgano colexiado aos efectos de asistir á Alcaldía no exercicio das súas atribucións, sen óbice da súa preceptiva a súa creación segundo a normativa en réxime local.

Visto que segundo o artigo 23.1 da LRBRL a Xunta de Goberno Local encontrase integrada polo Alcalde e un número de persoas concelleiras non superior a un tezo do número legal da composición da Corporación.

Visto que o número de concelleiros desta Corporación é de dezasete (17) segundo o disposto no artigo 179.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, resulta, por tanto que o número máximo de persoas concelleiras que poden integrar a Xunta de Goberno Local será de seis (6).

Considerando o indicado polo artigo 23 da LRBRL, que establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal delegueille ou lle atribúan as leis.

Vista a resolución ditada pola anterior Alcaldía da Corporación con código 2023-0435 e data do 30 de xuño do 2023 referente á delegación de competencias na Xunta de Goberno Local e a creación deste órgano con código seguro de verificación 7FSTJQ2D5Y3R5XCT7K6TSH72C.

Vista a periodicidade do réxime de sesións da Xunta de Goberno Local, establecido con carácter semanal, no día e hora en que mediante Decreto se fixe pola Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 36 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Vilalba.

Conforme ao disposto pola anterior Alcaldía en resolución 2023-0474 de data do 10 de xullo e código seguro de verificación 9QHSSPES27WTJCPESX2T3H9R7

Polo exposto, en uso das atribucións que legalmente teño conferidas, de acordo co disposto no artigo 23 da LRBRL, e polo artigo 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoño o que segue:

PRIMEIRO.- Tomar razón da constitución da Xunta de Goberno Local, que estará presidida pola persoa infraescrita e integrada por cinco persoas concelleiras que orixinariamente foron dispostas pola resolución con código 2023-0435 e data do 30 de xuño do 2023. Non obstante, considerando que unha das integrantes da Xunta resulta agora titular do órgano de Alcaldía, dispónse que pase a integrar este órgano colexiado en substitución: Don Ignacio Criado Montenegro, concelleiro que tomou posesión en sesión plenaria do 11 de outubro do 2023.

SEGUNDO.- Establecer o réxime de celebración de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán periodicidade semanal sempre que existan asuntos a tratar, todos os luns ás 08:30 horas en primeira convocatoria e unha hora máis tarde en segunda. Cando algún luns coincida con festivo, a sesión ordinaria terá lugar o seguinte día hábil ao festivo, así mesmo co horario sinalado.

TERCEIRO.- Nomear tenentes de alcaldesa deste Concello ás persoas concelleiras que se integrarán coma membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, e que substituirán, segundo orde de nomeamento a esta alcaldía nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante:

Modesto Renda Santiso;

Eduardo Vidal Baamonde;

Luis Fernández Álvarez;

Tamara Rodríguez López;

Ignacio Criado Montenegro.

Este nomeamento causará efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa.

CUARTO.- Manter o réxime de delegacións disposto na resolución ditada pola anterior Alcaldía con código 2023-0435 e data do 30 de xuño do 2023, referente á delegación de competencias na Xunta de Goberno Local e a creación deste órgano, con metadatos 7FSTJQ2D5Y3R5XCT7K6TSH72C, aclarando, en todo caso que a delegación efectuada no citado decreto en materia do recoñecemento de obrigas e ordenación dos pagos non afectará aos gastos de persoal.

QUINTO.- Notificar a todos os interesados o presente decreto, aclarando que sen prexuízo da súa inmediata executividade publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, para os efectos legais procedentes.

SEXTO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de goberno local non acordadas expresamente.

SÉTIMO.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vilalba, 13 de outubro de 2023.- A alcaldesa do Concello de Vilalba, Marta María Rouco Seoane.

R. 3255

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2022, expónse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas. Durante este prazo os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vilalba, 16 de outubro de 2023. A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 3256

VIVEIRO

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (3º trimestre do exercicio 2023) e anuncios de cobranza.

Con data de 11 de outubro de 2023 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais:

Obxecto	Exercicio	Importe
Recollida de lixos	3º Trimestre de 2023	314.728,45.-€
Canon auga (Xunta)	3º Trimestre de 2023	85.852,19.-€

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza:

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 11 de outubro ata o 11 de decembro do 2023, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 13 de outubro de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3260

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 08/09/2023 acordou nomear, por u periodo de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

TABOADA: substituta: DOÑA SONIA VÁZQUEZ GÓMEZ. DNI 33***701M.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 26 de setembro de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3257